

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión extraordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 27 de febreiro de 2020 na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, no Campus de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2020.
- * Aprobación da modificación puntual da Normativa de Dedicación e Recoñecementos Docentes do Profesorado.
- * Aprobación de solicitudes de Programacións Conxuntas de Ensinanzas Oficiais (PCEO) para o curso 2020/21:
 - PCEO do Grao en Enxeñaría Biomédica e do Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática.
 - PCEO do Grao en Enxeñaría Biomédica e do Grao en Enxeñaría Mecánica.
 - PCEO do Grao en Enxeñería Mecánica e do Grao en Electrónica Industrial e Automática.
- * Aprobación dos criterios para o reparto de puntos adicionais entre os centros por apoio ás tarefas de captación de alumnado.
- * Aprobación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) de doutoramento da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da modificación do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do Regulamento de Régime Interno do Departamento de Tradución e Lingüística.
- * Desestimación do recurso de reposición contra o acordo do Consello de Goberno de 20 de decembro de 2019 para a mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo.

Vigo, 28 de febreiro de 2020

O secretario xeral



Miguel Ángel Michinel Álvarez

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produzca a desestimación presunta do recurso de reposición interpuesto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.